

RESOLUCIÓN REITORAL DO 18 DE OUTUBRO DE 2023 POLA QUE SE CONVOCA UN PROCESO DE SELECCIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE TITULACIONES UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO IMPARTIDAS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2022/23, PARA OPTAR Á CONCESIÓN DO SELO DE EXCELENCIA POLA XUNTA DE GALICIA.

No DOG nº 193 do martes 10 de outubro de 2023, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicou a ORDE de 4 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e realízase a convocatoria para a concesión do Selo de grao de excelencia a titulacións universitarias de grao impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia.

A Xunta de Galicia segue a priorizar o obxectivo da mellora da excelencia do SUG promovendo desde a Secretaría Xeral de Universidade a distinción de Selo de grao de excelencia co obxectivo de continua a senda iniciada no pasado trienio baseada na estratexia do Plan de excelencia académica do SUG, que iniciouse coa concesión do Selo de excelencia de máster universitario.

Segundo dita convocatoria, o outorgamento do selo de grao universitario excelente permitirá a estas titulacións contar cunha diferenciación e identificación coa calidade e o prestixio, non só a nivel galego senón tamén a nivel estatal e internacional.

A convocatoria publicada pola Xunta de Galicia establece que cada unha das Universidades do SUG poderá presentar, como máximo, tres titulacións de grao universitario oficial que cumpran as condicións establecidas, **ata o vindeiro 11 de decembro de 2023**.

De acordo co anterior, a Universidade de Vigo deberá seleccionar, de entre aquelas titulacións que o soliciten, as tres que previsiblemente poidan acadar unha puntuación mais alta, e se atopen, polo tanto, en mellores condicións para participar na devandita convocatoria.

Para elo, esta Reitoría considera que a iniciativa de presentación de titulacións de grao candidatas deberá partir dos propios centros, xa que son eles os responsables de ditas titulacións, e os que mellor coñecen o potencial das mesmas para competir con éxito para acadar o Selo de grao universitario excelente da Xunta de Galicia.

En base a todo o antedito,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Convocar un proceso de selección, en réxime de concorrencia competitiva, entre as titulacións de grao que se imparten na Universidade de Vigo, para optar a obter o Selo de **Grao Universitario Excelente da Xunta de Galicia**, regulado polas seguintes



BASES

1. Finalidade e beneficiarios

As actuacións reguladas nesta resolución teñen como finalidade seleccionar as tres titulacións de grao universitario da Universidade de Vigo que se presentarán á convocatoria da Xunta de Galicia para a concesión do Selo de excelencia a titulacións universitarias oficiais de grao, impartidas polas universidades públicas do SUG no curso académico 2022/23.

Poderán participar na presente convocatoria os centros da Universidade de Vigo de calquera dos seus tres campus.

2. Requisitos de participación

Os requisitos para poder presentarse a convocatoria son os recollidos no artigo 3 das bases da convocatoria da Xunta de Galicia:

1. Ser títulos de grao de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que contén coa autorización de impartición da Comunidade Autónoma.
2. Que veñan sendo impartidos por algunha das universidades do SUG de xeito ininterrompido, como mínimo, desde o curso 2018/19 e que continúen impartíndose na actualidade.

3. Forma e prazo de presentación das solicitudes

1. Os centros interesados cubrirán e presentarán unha solicitude dirixida ao Vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, segundo os Anexos I e II da presente convocatoria, á que acompañarán a documentación correspondente.
2. O prazo de presentación das propostas termina o día **17 de novembro de 2023**, as **14:00 horas**.
3. Poderase presentar un máximo de dúas titulacións por centro.

Toda a documentación remitirase por correo electrónico ao enderezo direc.docencia@uvigo.gal.

4. Tramitación do procedemento

1. O órgano competente para a tramitación do procedemento será a Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer ou comprobar calquera información necesaria para formular a proposta de resolución.
2. Unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente requiriralles aos centros interesados, cuxas solicitudes carezan dalgún requisito dos establecidos nas presentes bases, para que as emenden no prazo máximo e improrrogable de tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.
3. Logo de finalizar o prazo de corrección, o órgano competente ditará a resolución coa relación definitiva de solicitudes admitidas e non admitidas



conforme o establecido no apartado anterior. Tamén se lles indicará, no seu caso, as causas que motivasen a non admisión. A citada resolución publicarase e notificaráselles a todos os centros participantes.

5. Avaliación e selección das titulacións candidatas

1. A comisión encargada da avaliación das propostas estará composta por:
 - a. O Vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente.
 - b. O Director de Área de Titulacións.
 - c. O Director de Área de Innovación Docente.
 - d. O Director de Área de Calidade.
2. Os criterios de valoración e as puntuacións para cada ítem dos mesmos, son os que se detallan no artigo 9 de orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade de 10 de outubro de 2023.
3. A vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente fará pública a rúbrica a través da cal a comisión avaliará as solicitudes.

6. Resolución

1. Á vista da proposta da comisión, a Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente, elevará unha proposta de resolución provisional, debidamente motivada, xunto cunha relación priorizada das propostas, sendo as primeiras propostas as candidatas para ser remitidas á Xunta de Galicia, e pasando ó resto a constituír a relación de suplentes, de ser o caso.
2. No caso de non haber propostas da comisión, o órgano competente declarará deserto o proceso de selección.
3. A resolución provisional comunicarase ós centros participantes e farase pública, establecéndose un prazo de tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación para que as persoas interesadas presenten as alegacións que consideren oportunas. Se non se reciben alegacións ou unha renuncia expresa no prazo establecido, a proposta entenderanse aceptada.
4. Unha vez examinadas as alegacións presentadas, enviarase a proposta da resolución definitiva que conterá as titulacións seleccionadas e a relación de suplentes, de ser o caso, ou ben a declaración de deserto do proceso de selección.
5. O prazo máximo para a resolución do presente procedemento será de 20 días naturais desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes. Se transcorrido o devandito prazo non se publicou a resolución, os centros interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes.
6. Unha vez rematada a valoración das propostas remitirase ao órgano competente unha relación ordenada das titulacións elixidas para ser presentadas como candidatas ao Selo de Grao Excelente da Xunta de Galicia.



7. Recoñecemento

Á marxe dos dereitos que implica a obtención do Selo de excelencia a titulacións universitarias oficiais de grao, e que se recollen no artigo 12 da orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade de 10 de outubro de 2023, a obtención desta mención suporá o recoñecemento por parte da Universidade de Vigo mediante a asignación ao correspondente centro dunha bolsa adicional de 50 horas de recoñecemento, que será xestionada en base aos mesmos criterios que a bolsa de horas ordinaria, recollidos nos Criterios de Elaboración da PDA.

Este recoñecemento será aplicable anualmente a todos os graos que teñan activa a mención de excelencia da Xunta de Galicia.

8. Norma derradeira

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado electrónicamente en Vigo,
O REITOR
Por delegación de sinatura 20/04/2023
O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente
Alfonso Lago Ferreiro



ANEXO I

Memoria descriptiva

DENOMINACIÓN DO TÍTULO	
------------------------	--

RESPONSABLE DO TÍTULO (coordinador/a)	
1º apelido	
2º apelido	
Nome	
DNI	
Categoría profesional	

Universidade solicitante	
Nome da universidade	
CIF	
Centro responsable do título	
Representante legal	

Requisitos para solicitar o selo (art. 3)				
Denominación do grao				
Centro/s onde se imparte o título				
Natureza do centro universitario	Propio <input type="checkbox"/>	Adscrito <input type="checkbox"/>		
Data publicación DOG				
Código RUCT				
Rama/ámbito de coñecemento				
Curso inicio impartición do grao				
Impartición ininterrompida desde o curso 2018/19	Sí <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>		
Estudantes matriculados	2018/19 <input type="text"/>	2019/20 <input type="text"/>	2020/21 <input type="text"/>	2021/22 <input type="text"/>

FIRMA DO REPRESENTANTE LEGAL (reitor/a)					
Lugar e data					
		,		de	
			de		

Dirixido a: secretario xeral de Universidades



ANEXO II

Memoria xustificativa

Documentación acreditativa dos criterios avaliados do artigo 9

Criterio	Descrición e fonte
a) Estratexia e resultados (máximo 25 puntos)	
Taxa de ocupación (0-4 ptos.)	Indicador SIU (Tomaranse como referencia os datos do último curso académico)
Enquisas de satisfacción (0-3 ptos.):	
1) Do estudiantado coa docencia recibida	Tomaranse os datos das enquisas do alumnado dos 4 últimos cursos académicos: - A relación entre a nota media de satisfacción co profesorado do centro e a nota media de satisfacción co profesorado da rama de coñecemento - A relación entre a nota media de satisfacción co profesorado do centro e a nota media de satisfacción co profesorado da universidade
2) Dos egresados coa docencia recibida	Estudo de inserción laboral do Informe ACSUG (<i>Volvería cursar a mesma titulación na mesma universidade despois de 5 anos?</i>)
Taxa de gradación (0-6 ptos.)	Indicador SIU: porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que finalizan a titulación no tempo teórico previsto no plan de estudos máis un curso ou antes - Taxa individual - Taxa comparativa da posición da taxa en relación a algún dos seguintes criterios: rama de coñecemento, campus universitario e a universidade no seu conxunto
Taxa cambio (0-3 ptos.)	Indicador SIU: porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso nun estudo, que non se matriculou nese estudo durante dous cursos sucesivos, nin se titulou, e matricularonse nalgún outro título universitario oficial nalgún deses dous cursos - Taxa individual - Taxa comparativa da posición da taxa en relación a algún dos seguintes criterios: rama de coñecemento, campus universitario e a universidade no seu conxunto
Taxa abandono (0-3 ptos.)	Indicador SIU: porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso nun estudo, que sen titularse non se matricularon no devandito estudo durante dous cursos sucesivos - Taxa individual - Taxa comparativa da posición da taxa en relación a algún dos seguintes criterios: rama de coñecemento, campus universitario e a universidade no seu conxunto
Proposta de plan de mellora estratéxica (0-6 ptos.)	Recollerá os obxectivos coas súas correspondentes accións de mellora aliñados cos criterios marcados polo Selo de grao de excelencia co obxecto de garantir a mellora continua da titulación no tempo. Extensión máxima dunha páxina



Criterio	Descrición e fonte
b) Currículo (máximo 10 puntos)	
Flexibilidade do currículo (Personalización do itinerario formativo e interdisciplinabilidade) (0-2 pts.)	<ol style="list-style-type: none"> Opcións de organización modular dos contidos nunha ou varias materias Definición de competencias contextualizadas na contorna laboral Formatos híbridos (en liña, presencial ou mixtos) Incorporación no currículo da intersección de saber que facilite a comprensión e resolución colaborativa de problemas sociais reais
Colaboración co entorno e o tecido empresarial (0-2 pts.)	<ol style="list-style-type: none"> Codeseño e participación activa na docencia, elaboración do plan de estudos e/o desenvolvemento de proxectos Identificación colaborativa de competencias Asesoramento, impartición de seminarios Bolsas ou colaboración económica...
Contribución ao desenvolvemento rexional (0-2 pts.)	Indicador institucional da clasificación CyD
Revisións periódicas do currículo (0-2 pts.)	<ol style="list-style-type: none"> Evidencias das actuacións realizadas Procedementos de avaliación, seguimento e/o revisións periódicas do currículo Actualización e mellora de acordo con a empregabilidade, evolución técnica, obxectivos estratéxicos...
Calidade (0-2 pts.)	<ol style="list-style-type: none"> Recoñecementos da calidade da titulación (selos de calidade nacionais e internacionais) Posición da titulación en clasificacións
c) Deseño do proceso de ensinanza-aprendizaxe (máximo 10 puntos)	
Metodoloxía docente (0-3 pts.)	<ol style="list-style-type: none"> Xustificación de propostas educativas de calidade relevantes Evidencias da incorporación de metodoloxías activas que melloran a comprensión, motivación e participación do estudantado Evidencias da incorporación de metodoloxía híbrida e/o virtual
Participación en proxectos aprendizaxe-servizo u outras propostas de innovación (0-2 pts.)	<p>Descrición dos proxectos, obxectivos formativos, actividades de aprendizaxe e xustificación da súa achega á calidade da formación. Indicar:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Se está no plan de estudos ou é unha actividade complementaria - Porcentaxe de materias do título que incorporan algunha destas metodoloxías de innovación
Formación práctica (0-3 pts.)	<ol style="list-style-type: none"> Porcentaxe de ECTS de prácticas externas curriculares do plan de estudos Porcentaxe de ECTS prácticos no plan de estudos, excluídas as prácticas externas obrigatorias Porcentaxe de estudantes que realizan prácticas externas curriculares
Acompañamento personalizado ao alumnado (programas de tutorización/mentorización) (0-2 pts.)	<ol style="list-style-type: none"> Evidencias dos procedementos de acompañamento e asesoramento no proceso de aprendizaxe e orientación profesional Persoas do equipo docente que o desenvolven Satisfacción do estudantado



Critério	Descrición e fonte
d) Profesorado (máximo 10 puntos)	
Participación do profesorado en cursos oficiais de innovación docente organizados por la propia universidade (0-2 ptos.)	Certificación del porcentaje de PDI participante respecto del profesorado total del título, en los últimos 5 años
Grupos de innovación docente (0-3 ptos.)	1. Descrición das liñas prioritarias coas súas correspondentes accións 2. Profesorado do grao participante no GID activo
Excelencia docente (0-3 ptos.)	1. Porcentaxe de profesorado avaliado no programa <i>Docentia</i> do total do título 2. Porcentaxe de profesorado do título que consegue unha nota \geq notable
Premios de innovación docente (0-2 ptos.)	Premios de innovación docente (de ámbito autonómico, nacional ou internacional) conseguidos polo profesorado do grao a nivel individual ou proxectos colaborativos
e) Avaliación (máximo 10 puntos)	
Avaliación formativa (0-2 ptos.)	1. Evidencias de actividades de avaliación formativa empregadas (por proxectos, casos, problemas, outras...) 2. Porcentaxe de materias que introducen estratexias de avaliación formativa respecto do total do título
Avaliación das competencias técnicas e transversais mediante rúbricas, portafolios do estudante, diarios de aprendizaxe ou similares (0-2 ptos.)	1. Evidencias das materias ou actividades/módulos/contidos, nos que se empregan 2. Peso no total da avaliación da materia 3. Porcentaxe de materias que incorporan algún destes procedementos respecto do total do título
Avaliación continua (0-4 ptos.)	Existencia dun sistema alternativo, sen necesidade de proba final, ou compromiso da súa incorporación nalgunhas materias, no curso seguinte ao da obtención do selo
Outras estratexias de innovación dos procedementos/instrumentos de avaliación (0-2 ptos.)	Descrición de ferramentas de avaliación que faciliten a reflexión do/da alumno/a sobre o propio proceso de aprendizaxe e a súa mellora
f) Inserción laboral (máximo 20 puntos)	
Taxa de inserción laboral (0-12 ptos.)	1. Último indicador publicado de inserción laboral do Informe ACSUG 2. Último indicador publicado do estudo de afiliación á Seguridade Social (SIU)
Relación con organizacións do entorno (0-8 ptos.)	1. Existencia dun comité (Grupo de persoas expertas pertencentes ao ámbito universitario, e ao mercado laboral, industria e/o organizacións sectoriais) ou compromiso de implantación no curso académico seguinte á obtención do selo (2025/26) 2. Breve descrición da composición, funcións e accións prioritarias 3. Actividades sobre emprego e emprendemento organizadas polo grao



Critério	Descrición e fonte
g) Internacionalización (máximo 10 puntos)	
Colaboración con universidades estranxeiras (0-2 ptos.)	Evidencias da colaboración con universidades estranxeiras na organización curricular, a coordinación docente e a avaliación
PDI estranxeiro no grao (0-2 ptos.)	Profesorado estranxeiro do persoal da universidade que participa na docencia do grao
Acreditación do nivel de idioma estranxeiro do PDI do grao (0-2 ptos.)	Evidencias do nivel de coñecemento de linguas estranxeiras que permita impartir docencia do grao nas mesmas
Mobilidade do estudantado (0-2 ptos.)	Mobilidade internacional do estudantado, tanto de entrada como de saída
Créditos ofertados en linguas estranxeiras (0-2 ptos.)	Porcentaxe de créditos do grao ofertados en inglés ou outras linguas estranxeiras para favorecer a orientación internacional

FIRMA DO RESPONSABLE DO TÍTULO (coordinador/a)

Lugar e data

, de de

Dirixido a: secretario xeral de Universidades

Código seguro de Verificación : GEN-7480-a1c8-ccee-6cfd-ba55-6923-6903-bc87 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

